

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuír o nivel do posto que se desempeña?

- A) Complemento de carreira.
- B) Complemento de produtividade.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

2. De conformidade coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado:

- A) Será por escrito, por regra xeral.
- B) Pode obterse por calquera profesional que interveña no proceso asistencial.
- C) Prestarase por escrito para a aplicación dos procedementos terapéuticos.
- D) Ninguna das respostas anteriores é correcta.

3. De conformidade coa normativa de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, nun concurso-oposición, a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder de:

- A) O trinta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- B) O trinta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- C) O corenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición.
- D) O corenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.

4. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre a fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 18 horas.
- B) 12 horas.
- C) 10 horas.
- D) 8 horas.

5. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) A historia clínica é propiedade do/da paciente.
- B) As instrucións previas poden revogarse.
- C) A historia clínica pode destruírse aos vinte anos do falecemento do/da paciente.
- D) Unicamente poden acceder á historia clínica o persoal responsable e o/a paciente.

6. De conformidade co artigo 42 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, os concellos teñen certas responsabilidades en materia de:

- A) Control sanitario de edificios.
- B) Autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- C) Rexistro de profesionais sanitarios.
- D) Rexistro sanitario de establecementos de produción de alimentos.

7. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase en:

- A) Catro áreas sanitarias.
- B) Seis áreas sanitarias.
- C) Nove áreas sanitarias.
- D) Sete áreas sanitarias.

8. O artigo 15 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, establece determinados principios da acción preventiva. Indique cal dos seguintes NON está incluído entre os mesmos:

- A) Evitar os riscos.
- B) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- C) Antepoñer a protección individual á colectiva.
- D) Ter en conta a evolución da técnica.

9. O Servizo Galego de Saúde:

- A) É un organismo autónomo de natureza administrativa.
- B) Está adscrito ao Consello da Xunta.
- C) Non ten personalidade xurídica propia.
- D) É unha axencia pública autonómica de carácter sanitario.

10. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:

- A) De interinidade, de carácter eventual ou de substitución.
- B) De interinidade en praza reservada ou de obra ou servizo determinado.
- C) De interinidade, de substitución ou indefinido non fixo.
- D) De interinidade en praza reservada, de substitución ou de acumulación de tarefas.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase como "condición de traballo":

- A) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral especificamente prevista na normativa regulamentaria.
- C) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador.
- D) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.

2. Atendendo ao artigo 62 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, indique cal das seguintes NON é unha situación (ou situación administrativa) do persoal estatutario:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Promoción interna temporal.
- D) Excedencia voluntaria.